



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO CAMARIÑAS 2023

PRIMEIRO: DEFINICIÓN

As presentes bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión dos premios do Concurso de Comparsas de Entroido Camariñas 2023 que se celebrará o martes 21 de febreiro de 2023.

SEGUNDO: PARTICIPANTES

Poderán participar no concurso as 12 primeiras comparsas que se inscriban no Rexistro municipal. As restantes comparsas que se presenten quedarán nunha lista de reserva.

Enténdese por comparsas a unha agrupación formada por un mínimo de 10 persoas, que veñan disfrazadas e fagan unha teatralización conxunta (bailar, cantar, actuar...) cunha duración entre 5 e 20 minutos.

TERCEIRO: PREMIOS

As contías dos premios do concurso serán:

- 1º premio de 800 euros.
- 2º premio de 600 euros.
- 3º premio de 300 euros.

As comparsas que non resulten premiadas terán unha axuda económica de 10 euros por cada persoa participante na comparsa ata un máximo de 150€ por comparsa. Esta axuda non é acumulativa aos premios.

Os premios estarán suxeitos á retención do IRPF de acordo coa lexislación vixente.

Os premiados daranse a coñecer unha vez remate a última actuación.

O pago dos premios farase por transferencia bancaria ás persoas ou entidades que figuren como representantes na solicitude de inscrición ao concurso.

CUARTO: PRAZO DE SOLICITUDE

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Camariñas.

O prazo de solicitude de participación comeza a partir das 9:00 do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria na paxina web do Concello de Camariñas e remata o 20 de febreiro de 2023 ás 15:00.

QUINTO: PROCEDEMENTO



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

No concurso valorarase tanto a asistencia ao desfile coma a dramatización, vestiario e animación.

O martes 21 de febreiro, ás 18:30, na Biblioteca Municipal farase un sorteo ante os representantes para coñecer a orde de actuación de cada comparsa participante.

Se as condicións climáticas o permiten, o desfile sairá da Praza do Concello ás 19:00 e percorrerá as rúas Avenida da Coruña, Ambrosio Feijoo, Rúa do Medio, Areal e Avenida Eugenio López ata chegar ao Pavillón Municipal Víctor Vigo. Entrarán pola porta principal. Non se poderá introducir dentro do recinto do pavillón vehículos, remolques nin outros artefactos que deteriorenen o pavimento.

A actuación sobre o escenario comezará ás 20:00.

As comparsas que precisen acompañamento musical ou similar deberán enviar, antes do día 20 de febreiro de 2023 por email a cultura@camarinas.net, un audio e indicacións para a súa correcta reprodución.

Ao remate de todas as actuacións farase público o fallo do xurado e as comparsas gañadoras accederán á recollida do premio.

SEXTO: VALORACIÓN

A valoración corresponderalle a un xurado formado por persoas designadas pola Alcaldía e un representante do Concello de Camariñas que actuará en calidade de secretario/a con voz pero sen voto. As decisións do Xurado serán inapelables. O Xurado pode deixar deserto algún premio.

O Xurado valorará as comparsas outorgando o primeiro, segundo e terceiro premio atendendo a orixinalidade, vestiario, maquillaxe, decoración e posta en escena.

O/A secretario/a levantará acta que deberá estar asinada por todos os membros do xurado e entregaraa nun sobre pechado ao presentador do concurso.

SÉTIMO: INSCRICIÓNS

As solicitudes de inscrición no concurso presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Camariñas ou a través da sede electrónica sede.camarinas.net utilizando os impresos anexos a estas bases.

Os impresos tamén estarán dispoñibles na Biblioteca Municipal en horario de luns a venres laborais de 9:00 a 13:30 e de 16:30 a 19:00, teléfono 665134490, correo electrónico, cultura@camarinas.net.

O prazo de inscrición abrirase o día da publicación das bases na web municipal www.camarinas.net e rematará o 20 de febreiro de 2023 ás 15:00 horas.

As solicitudes presentadas fóra de prazo serán desestimadas.

As comparsas deberán presentar a seguinte documentación:

a) Asociacións legalmente constituídas: Anexo 1, copia do CIF da entidade que solicita participar e certificado do número de conta corrente a nome da asociación.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

b) Agrupacións informais: Anexo 2, o Anexo 3, copia do DNI do representante e certificado do número de conta corrente a nome do representante

A solicitude de inscrición implica a aceptación das bases.



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO 1

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS ENTROIDO
CAMARIÑAS 2023 PARA ASOCIACIÓNS**

D./Dna. _____ con DNI nº _____
enderezo en _____ e teléfono _____,
actuando en representación da asociación _____ con
CIF nº _____.

EXPÓN:

Que acepta as bases do Concurso de comparsas entroido Camariñas 2023,

SOLICITA:

A inscrición no concurso co nome da comparsa:
_____ cuxo número de membros é de _____.

En Camariñas a ____ de _____ de 2023.

Asdo:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

**ANEXO 2: SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO CONCURSO DE COMPARSAS
ENTROIDO CAMARIÑAS 2023 PARA AGRUPACIÓNS DE PERSOAS.**

D./Dna. _____ con DNI nº _____
endereço en _____ e teléfono _____,
actuando en representación da agrupación de persoas que se indica no Anexo 3.

EXPÓN:

Que acepta as bases do Concurso de comparsas entroido Camariñas 2023,

SOLICITA:

A inscrición no concurso co nome da comparsa:
_____ cuxo número de membros é de _____.

En Camariñas a ____ de _____ de 2023.

Asdo:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

ANEXO 3: PERSOAS FÍSICAS OU AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS SEN PERSONALIDADE XURÍDICA

Os abaixo asinantes DECLARAN que con data _____ procedeuse a constituír a Comparsa _____, composta dos seguintes membros:

	Nome e apelidos	DNI	Sinatura
1			
2			
3			
4			
5			
6			
7			
8			
9			
10			
11			
12			
13			
14			
15			
16			
17			
18			
19			
20			

Que nesta data nomeouse a Don/Dona _____ como representante desta AGRUPACIÓN para as relacións co Concello de Camariñas
Que esta Agrupación acepta as bases do concurso comparsas entroido Camariñas 2023.
Así mesmo, todos os asinantes declaran atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Camariñas, atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas de administracións públicas.

Camariñas, de de 2023

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE CAMARIÑAS